

**ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS**

1. Están obrigados ao pago da Taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, seguintes:
  - a) A persoa ou entidade a cuxo favor se outorga a concesión e expedición da licenza, ou en cuxo favor autoriza a transmisión de devandita licenza.
  - b) O titular da licenza cuxo vehículo sexa substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria, e cuxos libros-rexistro sexan dilixenciados.

**ARTIGO 4º. RESPONSABLES**

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

**ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA**

1. A cota desta Taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

CONCEPTO	COTA
Concesión de novas licenzas	1.900,00 €
Autorización para transmisións de licenzas	1.300,00 €
Transmisión mortis causa a cónxuxe ou fillos	310,00 €
Substitución de vehículo	35,00 €
Revisión e explotación de licenza, ao ano	24,02 €

**ARTIGO 6º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

Non poderán recoñecerse outras exencións ou beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

**ARTIGO 7º. DEVENGO**

1. Cando se trate da concesión de licenzas nace a obriga- ción de contribuír na data en que este Concello conceda e expida a correspondente licenza ou autori- ce a súa transmisión, ou no seu caso, autorice a sub- titución do vehículo. No entanto, poderase considerar que nace a obriga- ción de contribuír no momento de presentar a correspondente solicitude.
2. Cando se trate da prestación dos servizos de revisión de vehículos e de dilixenciamiento de libros-rexistro, a Taxa devengarase no momento en que se inicie aquela prestación, entendendo, a estes efectos, que dita iniciación prodúcese coa solicitude dos mesmos.

**ARTIGO 8º. DECLARACIÓN E INGRESO**

1. A realización das actividades e a prestación dos ser- vizos suxeitos a esta Taxa levaranse a cabo a instan- cia de parte.
2. Todas as cotas serán obxecto de liquidación para in- greso directo, unha vez concedidas as licenzas ou au- torizacións de que se trate e realizados os servizos so- licitados, procedendo os contribuíntes ao seu pago no prazo establecido no Regulamento Xeral de Recada- ción.
3. No entanto o Concello poderá esixir o ingreso no momento da presentación da solicitude en calidade de depósito previo.

**ARTIGO 9º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributa- ria e normativa de desenvolvemento.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Dende a entrada en vigor desta modificación da Orde- nanza queda derogada a anterior Ordenanza reguladora da Taxa por licenza de autotaxis e demais vehículos de aluguer.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación da Ordenanza Fiscal consta de 9 artigos, e unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no BOP, entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE CEMITERIOS LOCAIS, CONDUCCIÓN DE CADÁVERES E OUTROS SERVIZOS FÚNEBRES DE CARÁCTER LOCAL****ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133. 2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformi- dade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexis- lativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Re- fundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de Ponte Caldelas acorda a imposición e ordenación da Taxa por servizos de cemiterios locais, condución de cadáveres e outros servizos fúnebres de carácter local.

**ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE**

1. Constitúe o feito imponible da Taxa, a prestación dos servizos nos cemiterios locais, tales como: asignación de espazos para enterramentos; permisos de cons- trucción de panteóns ou sepulturas; ocupación dos mesmos; movemento e colocación de lápidas, enrei- xados e adornos; conservación dos espazos destina- dos ao descanso dos defuntos; condución de cadáve- res, e calquera outros que, de conformidade co esta- blecido no Decreto 134/1998, de 23 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Policía Sanitaria Mor- tuoria da Comunidade Autónoma de Galicia, sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

**ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS**

1. Estarán obrigados ao pago da taxa en concepto de contribuínte:
  - a) Os familiares herdeiros das persoas falecidas para cuxo enterramento se soliciten licenzas ou servizos determinados.
  - b) Os titulares das concesións de sepulturas, das conce- sións de parcelas e/ou das licenzas de obras.
2. Serán substitutos do contribuínte as persoas físicas ou xurídicas e as entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria adicadas á prestación de servizos funerarios, cando solicitasen ao Concello, en nome dos suxeitos pasivos, a prestación dos servizos que constitúen o feito imponible.

**ARTIGO 4º. RESPONSABLES**

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

**ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA**

1. A cota desta Taxa será esixirase de acordo co seguin- te cadro de tarifas:

CONCEPTO	COTA
Enterramentos	75,00 €
Limpeza de cinzas	55,00 €
Concesión de panteóns no cemiterio municipal	2.662,54 €

**ARTIGO 6º. BENEFICIOS FISCAIS**

Soamente admitiranse os beneficios que veñan estableci- dos en normas con rango de Lei ou deriven de Tratados ou Acordos Internacionais. Así mesmo, estarán exentos os ser- vizos seguintes:

- Os enterramentos dos asilados procedentes da bene- ficencia, sempre que a condución verifíquese por

conta dos establecementos mencionados e sen nin-gunha pompa fúnebre que sexa custeada pola familia dos falecidos.

- Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemni-dade.
- As inhumacións que ordena a Autoridade Xudicial e que se efectúen na fosa común.

#### ARTIGO 7º. DEVENGO

A taxa devéngase cando se inicie a prestación dos servi-zos suxeitos a gravame, entendéndose, para estes efectos, que dita iniciación prodúcese coa solicitude de aqueles.

#### ARTIGO 8º. NORMAS DE XESTIÓN

1. A solicitude de permiso para construción de mauso-leos ou panteóns irá acompañada do correspondente proxecto e memoria, visados polo facultativo corres-pondente.
2. Cada servizo será obxecto de liquidación individual e autónoma polo Concello.

#### ARTIGO 9º. INFRACCIÓN E SANCIÓN

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributa-ria e normativa de desenvolvemento.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Dende a entrada en vigor desta Ordenanza quedará de-rogada a anterior ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizos de cemiterios locais, condución de cadáveres e ou-tros servizos fúnebres de carácter local.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza Fiscal, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no BOP, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008.

### **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE MATADOIRO, LONXAS E MERCADOS, ASÍ COMO O CARREXO DE CARNES SE HOUBESE DE UTILIZARSE DUN MODO OBRIGATORIO; E SERVIZOS DE INSPECCIÓN EN MATERIA DE ABASTOS, INCLUÍDA A UTILIZACIÓN DE MEDIOS DE PESAR E MEDIR**

#### ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformi-dade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexis-lativo 2/2004, de 5 d marzo, polo que se aproba o Texto Re-fundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concel-lo acorda a imposición e ordenación da Taxa por servizos de matadoiro, lonxas e mercados, así como o carrexo de carnes se houbese de utilizarse de modo obrigatorio; e servizos de inspección en materia de abastos, incluída a utilización de medios de pesar e medir.

#### ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúen o feito imponible da Taxa, a prestación dos servizos de matadoiro, lonxas e mercados, así como o carrexo de carnes se houbese de utilizarse dun modo obrigatorio; e servizos de inspección en materia de abastos, incluída a utilización de medio de pesar e medir.

#### ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

1. Serán suxeitos pasivos desta Taxa, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tribu-taria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afec-tadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa da Taxa.

#### ARTIGO 4º. RESPONSABLES

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

#### ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA

1. A cota desta Taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

CONCEPTO	COTA
<b>1. CONCESIÓN DE POSTOS FIXOS</b>	
Postos permanentes en laterais do mercado	1.225,00 €
Postos permanentes de bancada de venta de pescado, froitas e verduras	125,00 €
<b>2. COTA OU CÁNON ANUAL</b>	
Posto permanente de lateral do mercado	180,15 €
Posto permanente de bancada de venta de pescado, froitas e verduras	90,07 €

#### ARTIGO 6º. BENEFICIOS FISCAIS

Soamente admitiranse os beneficios que veñan estableci-dos en normas con rango de Lei ou deriven de Tratados ou Acordos Internacionais.

#### ARTIGO 7º. DEVENGO

1. Cando se trate de servizos non periódicos devéngase a Taxa e nace a obrigaón de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou acti-vidade.
2. Cando se trate de servizos periódicos devéngase a Taxa e nace a obrigaón de contribuír o primeiro día de cada ano natural, excepto cando se produza o alta no Padrón, nese caso o devengo producirase a partir dese mesmo mes.

#### ARTIGO 8º. LIQUIDACIÓN

1. Cando se trate de servizos non periódicos:
  - a) Cando se trate de servizos ou actividades cuxa liqui-dación se pode cuantificar no momento da presenta-ción da solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou en momento posterior, pero sem-pre son carácter previo á prestación do servizo ou rea-lización da actividade.
  - b) Cando se trate de servizos ou actividades cuxa liqui-dación non se pode cuantificar no momento de pre-sentar a solicitude de prestación do servizo ou rea-lización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.
  - c) Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, procederase a liquidar e notifi-car a taxa axiña que se detecte esta situación, esixín-dose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para as liquidacións de contra-ido previo, sen prexuízo da apertura do oportuno ex-pediente sancionador por infracción tributaria.
2. Cando se trate de servizos periódicos practicarase li-liquidación única anual ou en coa periodicidade que se determine nas tarifas desta Taxa.

#### ARTIGO 9º. INGRESO

1. Cando se trate de servizos non periódicos o pago da taxa realizarase:
  - a) Cando se trate de liquidacións cuxa cuantificación poder realizar antes da prestación do servizo ou rea-lización da actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade, na Tesourería Municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.
  - b) Cando se trate de liquidacións cuxa cuantificación non poder realizar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, realizarase o in-greso nos prazos e lugares que se sinalen na liquida-ción.